


**IRIMIA**



Benia quen constrúe a paz!

ANO XXXVI • Nº 965 - Do 10 ao 23 de abril de 2017

# Pascua 2017: A esperanza radica



# na radical fraternidade

# A foto que fala

Kabul [Afganistán].  
A grandeza do pequeno.  
Fotografía: Mohammad  
Ismail



## O trasno Historias de Pascua

Daniel López Muñoz



Poderíamos inaugurar o xénero das historias de Pascua, igual que existen os contos de Nadal. Estes caeron un pouco no caramelismo, e teñen moito de conto infantil. Pero o novo xénero sería máis para adultos: historias de morte e vida, reais, de mortes que dan

vida, de vidas que esmorecen e miran, ou se poñen no bordo da morte para que a vida medre e, como din pola serra da Corda, soleza. Nin que dicir ten que esa é a clave e o mérito; dar ou expoñer a vida para vivir plenamente, sen preguntar pola acta de bautismo da persoa doadora, nin o carné de pertenza a ningunha confesión, grupo ou tendencia, nin relixiosa nin civil. A Pascua como dereito universal. Na fraternidade nos atoparemos.

Escoitamos que van estrear unha película dunha desas historias. E é súper actual, porque fala de Europa, do que Europa é quen de facer cando se viste de fascista, e do que xente desa mesma Europa é quen de facer para rescatala do xugo, das frechas e das esvásticas, para reparar feridas, para resucitar mortos.

É a historia da suíza Elisabeth Eidenbenz, mestra e enfermeira protestante que en 1939, xusto no remate da nosa guerra civil, cando 350.000 refuxiados españois cruzaban a pé a fronteira da Junquera e Port Bou,

creou na comuna francesa de Elna a que se chamaría a “maternidade suíza” e alí logrou que nacesen arredor de 400 meniños de nais republicanas fuxidas, exiliadas, expostas a todo e provistas de nada. Tamén acolleu, nun acto de insumisión humanitaria, nais xudías, que alí pariron en paz, nunha Francia ocupada polos nazis.

Elisabeth ía polos campos de refuxiados, e recollía a mulleres no seu oitavo mes de preñez, e levábaas á maternidade. As mulleres recordaban a calor; sempre tiña o lume aceso para quentar o corpo e o ánimo. O seu centro foi reiteradamente asediado pola Gestapo e, por fin, clausurado; por humano, solidario e pascual. Foi en 1944, pouco antes de comezar a retirada.

Elisabeth xogou o tipo, pero sobreviviu e aínda morreu non hai moito, en 2011. Deu moita vida a cambio de xogar a súa. Por iso está tan viva. É unha metáfora da esperanza transversal, universal, humana, que se celebra –que se debería celebrar– en todas as pascuas.

# Editorial

## Seguridade xusta

Inzan nos últimos anos os asaltos a casas e roubos en vilas e aldeas, moitos deles perpetrados contra persoas maiores, illadas, como un andazo máis nesa confabulación perfecta para expulsar a vida humana do noso rural e mesmo das vilas que servirían para vertebralo.

Recentemente, nunha das poucas operacións que se saiban, a gardia civil agardou, despois dun chivatazo, dentro da vivenda. O resultado foi a detención duns albanokosovares enormemente violentos, pois os axentes sufriron unha boa malleira.

A xente está realmente anoxada con este asunto. E con razón. O triste da historia é que nos comentarios nos bares e no resto dos foros de “opinión pública”, redes sociais por suposto incluídas, aprovéitase para unha xeralización inxusta e xenófoba. A culpa é de toda esa “chusma de emigrantes”. Ou “a culpa é dos xitanos”, dado que foi coñecido que eran xitanos de Galicia os colaboradores da banda balcánica.

Cando a seguridade pública e democrática fraquea os que sofren non son os ricos, que sempre teñen outros medios de defensa. Como en calquera outro país, cando a policía é escasa ou corrupta, os que sofren, e moito, son os máis vulnerables.

E neste caso por partida dobre ou tripla. Dunha parte, e directamente, pola falta de seguridade eficaz nas áreas rurais, a xente que vive nesas zonas que son obxectivo das bandas. En segundo lugar a inmensa maioría de inmigrantes e refuxiados, traballadores honestos e dispostos a un nivel de esforzo que aquí ninguén quere asumir. E de rebote os xitanos como colectivo, pola conducta duns individuos concretos.

Un país máis xusto e habitable necesita unha boa policía, depurada de toda corrupción e cercanía coa delincuencia organizada. Aí xugámonos moito. E os máis débiles, xóganse todo.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Estamos máis ou menos nas datas de Semana Santa. Metín en Google esas palabras para ver que pasaba e a verdade é que atopei unha morea de anuncios relacionados co turismo. Son datas de viaxes. Tamén bastantes de procesións por Andalucía adiante e invitacións a vivir a Semana Santa no medio do balbordo das procesións. Porén, para os que somos crentes, a Semana Santa é algo máis que unha semana de vacacións aderezadas coas procesións da Macarena, do Santo Cristo de Nonseionde..., todas elas tradicións moi respectables como calquera que sexa. Pero a Liturxia cristiá está chea de xestos e momentos que ben valen para unha reflexión e unha meditación ben xeitosa que moitas veces non facemos e deberíamos.

Eu hoxe vou destacar unha: o lavatorio de pés. Xesús fíxoo na Última cea e con isto deixou moi claro que quen queira un cargo, ten que servir. Nesta celebración de Xoves Santo faise en todas as igrexas e penso que algo deberíamos vivir e reflexionar. Un xesto sinxelo e toda unha declaración de intencións. Aquí todos vimos facer o que cumpra e, se é preciso, arremangarse e lavar o outro, pois hai que facelo. Porque antes de comungar ese Corpo de Cristo e antes de compartir mesa cos teus irmáns, hai que facer un bo exame de conciencia. Como andas de servir a quen tes ao teu carón? Mellor un bo lavado de pés que unha procesión. Non si?



1



3



2



4



## A peneira

1

Xa escoitamos nalgún recanto o canto do **CUCO** augurando a primavera neste vaivén de abril, despois de rematar a súa migración, sen escoitar neste inverno o chirlo do sisón, que é a ave do 2017. Está en risco, xa que só habita a metade das nosas leiras, que son o seu fogar.

2

O 24 lembramos a **ZECA** Afonso e a súa "Grándola, vila morena" da Revolución dos Caraveis. Volveremos escoitar as súas "Cantigas do maio", aproveitando que o día 10 se fan 45 anos daquel concerto no Burgo de Santiago, proclamando "unha terra de fraternidade de labregos e obreiros".

3

O 17, Día da Loita Labrega, lévanos a Derio-Euskal Herria, onde vai celebrarse a VII Conferencia da **VÍA CAMPESIÑA**, do 15 ao 24 de xullo. Naceu no 1962, en Managua, converténdose en organización mundial no 1993 a prol da liberación do mundo labrego.

4

O 22 volvemos a Abellá na memoria dos tres Manueis: Manuel Ponte, Manuel Díaz Pan e Manuel Rodríguez "O Asturiano", asasinados polos fascistas, ao pé da pedra lembradoira de todos os esquencidos/as. A CRMH da Coruña dedica o Día da **REPÚBLICA** a recoñecer a Paco Pillado Maior coma Republicano de Honra 2017.



5



7



6



8

Alfonso Blanco Torrado

5

XXXI Encontro Galego-Portugués de Educadoras e Educadores pola Paz convocados pola Nova Escola Galega celébrase para falar de "Convivencia 'GLOCAL': a inmigración, feminismo, interculturalidade. Será do 21 ao 23 na Residencia de Panxón-Nigán, creando dinámicas para vivir en comunal.

6

O **CRISTO** de Cangas de Pantón en madeira policromada (s. XIV) é a peza mais antiga do Museo de Arte Sacra de Monforte, pero a máis admirada é o derradeiro dos sete Cristos Xacentes de Gregorio Fernández (s. XVII), escultor do Reyno de Galicia coma se le no de Valladolid.

7

A Coruña é a cidade con máis empregados (o 81,76%) e Vigo a que menos (73,7%) con ter máis **TRABALLADORES** na industria e Ferrol nos servizos. Precisamente Ferrol é a segunda cidade do Estado con menos proporción de veciñ@s activos e a cidade galega coa xente de máis idade e asemade a que ten menos poboación por baixo dos 15 anos.

8

Cesáreo García Rodicio (Ourense) é cooperador en **BOLIVIA** con mulleres e mozas/os. O 15% vive sen auga potable e con só 122 médicos por 100.000 persoas. Unha mortalidade infantil do 52 por 1000. Na Paz está nun instituto de formación profesional feminino, onde para asinaren un contrato ten que ser aprobado polos maridos.

# Economía Canta terra necesita un home?

Pedro Pedrouzo Devesa



Nos relatos está a esencia da vida. Os contos son, moitas veces, a forma máis fiel de achegarnos á realidade. Mentres que os ensaios nos pretenden convencer, os relatos parecen so aspirar a entreternos, pero sempre achegan algo máis. Tanto uns coma outros non deixan de ser narracións, formas escritas de falar de como somos, como persoas e como sociedade. Pensaba isto, despois de ler a versión en comic que Martin Veyron fixo do conto de Tolstoi co que titulei este artigo. A parábola de Tolstoi está escrita para lerse de seguido e polo tanto ten pouca codia, pero ao mesmo tempo narra sinxelamente ideas sobre as que se leva debatido e ensaiado sen acougo. Así que poderíamos dicir que

ten moito miolo, pouco codia e moito miolo, lectura perfecta.

A cerna do conto é a cobiza humana, e as ilustracións de Veyron recrean a narración de forma deliciosa. A cobiza é a durame da nosa sociedade, a ambición en sentido puro, ese furor adolescente por cambiar o mundo e mellorarme, e se cadra, pero non necesariamente, melloralo. É unha ambición que non vai unida exclusivamente ao desexo de enmillionariarse, senón de romper a crisálida nos anos máis fértiles da nosa vida, empoderarnos de vitalidade, recrear o mundo a imaxe e semellanza das nosas ideas.

Debe ser por iso que ante tanto furor creativo, a natureza decidise que a mocidade sexa un estadio temporal

e todos vaiamos camiñando a golpe de golpe cara a idade adulta, máis descreída na forma pero máis constante no fondo. Aínda que a idade adulta tampouco sexa unha idade perfecta cando se chega a ela máis cascado do necesario.

O capitalismo tamén sofre a adolescencia dos seus impulsos creativos e destrutivos por igual. Nada lle abonda. Sempre quere máis. Canta terra necesita un home?, pregúntase Tolstoi. Canto crecemento necesitamos nós? Ata onde chega a nosa fame insaciable? Chegaremos a un estado adulto máis respectuoso co medio?



A terra segue lembrándonos que é limitada; ampliable, pero limitada. A enerxía que necesitamos ten un límite, os nosos armarios tamén, igual que os nosos aforros. Seguimos buscando a forma de repartir a riqueza de forma máis sensata. Pero, en primeira instancia teremos que repensar a nosa cobiza. Canta terra necesitamos?

Chegaremos a un estado adulto máis respectuoso co medio?





# O peto común VIVA A PATACA!


Manuel Regal Ledo

En 31 concellos do norte da Coruña e Lugo non imos poder sementar patacas polo menos durante dous anos, para acabar coa "couza guatemalteca", que está poñendo en perigo a produción de pataca. Quizais ás lectoras/es de IRIMIA lles pode parecer que este tema da pataca é un tema menor. Para nós, non o é.

A pataca, que matou tanta fame en Galicia durante centos de anos, é un integrante fundamental da nosa alimentación e un dos poucos cultivos que se resiste á onda de consumo de produtos da industria alimentaria: non se cultiva entre nós o millo para a xente, nin o trigo, nin o centeo... É case o único produto co que apostamos pola soberanía alimentaria, a máis importante das soberanías: que cada pobo poida producir os alimentos que necesita para vivir. E logo está a cultura da pataca, as relacións familiares e sociais coa pataca por diante: coméndoa, mandándoa aos fillos que están na vila, creando vínculos, suscitando amizades.

E o grave é que non repararon en nos dicir que tiñamos que ser serios coa pataca e sacrificarnos porque, ollo!, perigaban os grandes produtores de pataca da Limia e Coristanco, perigaba o mercado; os milleiros de produtores familiares non importaban.

E o grave e nunca visto é que para buscar remedios, xuntáronse técnicos da Xunta coa Policía Autonómica e a Garda Civil (!) cal se fósamos delinquentes; non foron convocados nin labregos nin sindicatos agrarios. Onde van os antigos axentes de Extensión Agraria que andaban



as parroquias, que estaban ao pé da xente informando día a día? Non existen. Existen persoas sentadas detrás dunha mesa cubrindo papeis.

E terémolle que botar fitosanitarios ás terras á forza. E teremos que comer merda. E as nosas patacas están condenadas a seren substituídas polas patacas andaluzas, francesas..., criadas ao xeito industrial. E, sen patacas de seu, producidas ao xeito tradicional, Galicia será un chisquiño menos Galicia. Así que, desde xa, solicito que alguén lle faga un monumento á pataca, á nosa pataca. Viva a pataca!

## O CARRABOXO por ROBE LOIS



# Xente d'eiquí

Montse Nieto

## Manuel Carbia: "Neste traballo produces alimentos. É importante o que fas"



*Manuel Carbia, de Santeles, na Estrada, é digno herdeiro da Gandeiría Louzao e promotor de Leite Ulla. Non deixa de ser un home do común, pero dos que fai desexar que os comúns fósemos todos coma el. En 2011, foi dos pioneiros en Galicia en poñer máquinas expendedoras de leite e en comercializar un queixo tan natural coma o que comían os nosos avós. Apostou polo extensivo e o pastoreo, pola calidade, polo respecto medioambiental, por elaborar un produto diferenciado. Con cincuenta e tres anos, pertence á quinta xeración dunha saga que, xa se sabe, terá continuidade.*

### **Manolo, este tipo de negocio alixeira ou fai a carga máis pesada?**

É unha responsabilidade maior porque é o traballo dos teus. O meu tataravó era o caseiro desta facenda que meu bisavó puido mercar cando retornou do Uruguai, onde emigrara e casara coa miña bisavoa, tamén galega. Eu vin como traballou meu pai e sempre quixen continuar. Agora a miña filla maior, Sonia, que ten vinte e cinco anos está decidida a seguir, o que para min é, ademais dun orgullo,

**Sorpréndeme escoitar que leite puro, pasteurizado de xeito natural, a un euro o litro, é caro**

unha razón para seguir loitando. Mantemos o nome de *Louzao* porque así se foi traspasando, pero en realidade remóntase a unha caseira que houbo moito antes do meu tataravó, que se chamaba María de Louzao e que non era da familia.

### **De xeito que nos teus primeiros records xa aparecen as vacas**

Pasaban por riba de min cando era pequeno, pero tamén recordo ir á herba cando chegaba do colexio e, por suposto, ir pescar con meu pai

que, aínda hoxe, é o que máis me gusta. Con oitenta e dous anos acaba de quedar cuarto no concurso de salmón. Segue a ser un fenómeno.

### **Nunca soñaches con ser outra cousa?**

Como me gustaba tanto conducir o tractor, o día que me preguntaron na escola dixen que quería ser taxista. Estudiar era o que menos me interesaba, ou iso cría até que os de Extensión Agraria me propuxeron facer Formación Profesional. Aprender sobre hortas e vacas si que me motivaba. Fun interno a San Lázaro, en Santiago, dous anos. Para non coincidir os rapaces coas rapazas, estabamos unha semana alí e a outra íamos á casa con deberes. Despois fun á Escola de Capacitación Agraria de Sergude.

### **Até que punto foi importante a túa formación para o desenvolvemento da explotación?**

Recoñezo que ter estudos favorece as posibilidades. Daquela quedáronme gravadas dúas cousas: a idea de vender directamente controlando todo o proceso e tamén a teoría do meu profesor, don Pedro: "as vacas de leite son a alternativa deste país". Pero direiche que até hai poucos anos, nunca eu lle puxera o prezo ao meu

produto. Había que vender e mercar segundo o estipulado. A teoría de libre mercado aquí, dáme a risa. Non podes nin sequera vender á fabrica que ti decides, nin na cantidade que ti queiras. Eu considérome un privilexiado dentro do sector porque non dependo de ninguén e podo vender segundo o meu criterio.

### **Que traballo hai detrás de cada litro de leite?**

Antes de tirarlle do teto á vaca dúas veces ao día tes que sementar as pra-



deiras, estercalas, botar o millo, ensilalo, criar as becerras e atender as nais. Despois, vendelo e distribuílo. Cando escoito que é caro pagar un euro por un litro de leite puro, pasteurizado dun xeito natural a través da alimentación do gando e o control dos propios xermos do leite, sen engadirlle ningún outro, non deixo de sorprendeme. Non falo só de que un café custe un euro no bar e nos pareza ben, nin sequera da conciencia da xente en relación co apoio aos nosos produtores, falo da súa propia saúde.

### **-Como xurdiu o de vender o leite nas máquinas?**

*Leite Ulla* creouse hai dez anos e hai sete que puxemos as expendedoras. A idea veu de Italia da man dun catalán e apostei por ela. En Galicia xa había algunha pero aínda era novidade. Puxemos cinco máquinas das que están funcionando catro. Foi moito investimento para non tanto beneficio, pero dun xeito casual, iso trouxo consigo a fabricación de queixo dende hai cinco anos. Empezamos levándoo para darllo a probar á xente. Había que falar de algo mentres lle enchías a botella e lle aprendías o funcionamento da máquina. Facíaos Isabel, a miña muller, para consumo familiar, pero gustaban tanto que empezaron a pedilos. Así empezou. A base de probar e contrastar opinións acabamos ten-



do un dignísimo resultado. Non é un queixo máis no mercado. É un dos poucos que se fan con leite cru, igual que o que se chamaba aquí “do país” antes de que esa denominación se lle atribuíse ao de Arzúa. O noso é un queixo natural que non leva máis ca leite, callo e sal. Pode resultar menos

## **Mágoa que a produción quedara tan concentrada, o que tamén é fatal para o medio ambiente**

vistoso porque non se lle poñen nin vernices nin parafinas, por iso se pode comer a tona que é igual de natural ca o resto. Cada queixo leva uns nove litros de leite.

### **Cantos litros son necesarios para completar a produción?**

Mensualmente, 20.000 litros para o queixo do país e 4.000 para o queixo fresco. Na actualidade temos 25 vacas e 15 becerras pero houbo momentos nos que houbo máis de cen cabezas. Esta é unha pequena explotación fa-

miliar pero que variou moito ao longo dos anos. Incluso houbo un tempo no que pensamos en adicarnos só a agricultura, cousa que non chegamos a facer.

### **Que análise fas do sector en xeral?**

A reconversión foi brutal e fíxose a cargo do propio sector. A mágoa é que a produción quedara concentrada en menos mans, o que tamén é máis prexudicial a efectos medioambientais. Nunca se fixo unha negociación pensando en Galicia. Convenían os produtores para facerse máis e máis grandes, como se iso fose a clave da felicidade e da sostibilidade. Eu nunca compartín esa teoría. Unha explotación pequena pode ser viable, e esta crise non tería afectado tanto se houberse familias vivindo con tres ou catro vacas.





Negociouse cos datos que proporcionaban os produtores (que o facían á baixa), pero o goberno ben sabía o que se producía. Penso que habería que producir até chegar á cota nacional de consumo, porque se tes un tope de produción e sabes o leite que se consome, podes ter o mercado equilibrado. Hoxe desapareceron as cotas, así que o leite pode vir de calquera sitio e é difícil combinar a ética co negocio. Se unha fábrica aforra un céntimo por litro, nun millón de litros cada día son moitos cartos; así que hoxe, quen nos dera as cotas!

No campo, que queres que che diga, se cambiásemos as silvas por superficie agraria produtiva, tamén o país sería máis rico.

#### **Emociona este traballo?**

Eu non digo que sexa como ir pescar, pero isto permíteche vivir dignamente e, para min, estar aquí non hai cartos que o pague. Vivo con meus pais e, grazas a este traballo compartín moito cos meus fillos, pero neste país non se valoran os agricultores. Nin a sociedade nin nós mesmos. En moitas familias chega como unha imposición, e aínda que se gañen cartos, hai moitos pais que lles din aos fillos "Non te metas aí, mira que listo é fulanito que é mestre". Eu nunca diría

iso. Neste traballo produces alimentos. É importante o que fas.

#### **Moitas loitas en diferentes frontes...**

Si, hai moito polo que pelexar. Con vinte e catro anos declarei diante dun xuíz por estar á fronte dunha das primeiras tractoradas. Estabamos alí o 75% do sector do leite. Non había sindicatos e había que organizarse. Des-

Estar aquí non hai cartos que o pague. Vivo cos meus pais, comparto cos meus fillos, pero neste país non se valoran os agricultores

pois estiven catro anos na dirección nacional do Sindicato Labrego, pero acabei marchando. Non podía estar defendendo prezos mínimos e aspirar a ser comprador de leite, como era o caso. Era unha incongruencia.

Por algunha razón sempre me liaron para pelexar por algo. Metéronme nunha lista de apoio do BNG e sempre fun colaborador do movemento galeguista, pero confeso que acabei decepcionado ao coñecer a política algo de cerca.

**(Isabel achégase cun prato de queixo e marmelo de feixoas, feito por ela.**

**Non desaproveito a ocasión). Así que lle pregunto polo seu home:**

Manolo é, por suposto, moi traballador pero tamén moi atrevido. Eu diría que, sobre todo, persegue os seus soños. No caso da explotación eu compartina con el, así como o traballo, pero recoñezo que sen a súa iniciativa isto non sería o que é.

**E ti, Manolo, que dirías que achega Isabel a Gandería Louzao e a Leite Ulla?**

Pode que eu sexa máis o motor, pero ela é o *diésel*. Achega estabilidade e ánimo. Isto tampouco sería o que é sen ela. Evidentemente, a evolución do negocio non dependeu só de min. Sempre me apoiei en meus pais e, por suposto, en Isabel. Cando houbo que tomar unha decisión transcendente sobre a marcha da empresa, a miña filla Sonia tamén xogou un papel fundamental subíndose ao carro.

**Para rematar, Manolo, fai recuento dos soños que lle quedan por ver**

Eu non vexo indicios de que isto vaia levantar en breve, pero nós seguimos loitando. Cada vez os picos son máis pronunciados e, a verdade... Os gobernantes tampouco axudan, dende logo. Sobre o futuro dos fillos, deben decílo eles. Sheila, con dezanove anos, sabe muxir pero estuda enfermaría. Eu pensaba que Jesús Manuel, con trece, ía para cocineiro e resulta que agora vaille a astronomía. De momento axuda a pesar e empacotar os queixos así que, dun xeito ou outro, todos levamos isto dentro. Eu tratarei de deixarlle as portas abertas como mas deixaron a min. Esa é a miña verdadeira aspiración.

# Utopía de Pascua

## Vidas como grans de trigo

Se o gran de trigo que  
cae na terra non morre,  
queda só;  
pero se morre, dá moito  
froito»

(Xn 12, 24)

Quen  
chorou pola mor-  
te destes irmáns e irmás?  
Quen chorou por esas persoas  
que ían na barca?

Polas nais noviñas carrexando os seus  
fillos?

Por estes homes que querían manter as  
súas familias?

Somos unha sociedade que esqueceu a ex-  
periencia de chorar, de *sufrir con*: A glo-  
balización da indiferenza roubounos  
a capacidade de chorar!

(Francisco)

(Foto de Maro Kouri:  
Imelda Graham organiza  
actividades de arte para nenos  
e nenas refuxiadas no campo  
aberto de Pikpa, en Mytilene,  
Lesbos)

# Actualidade

## Resposta das MCG Exeria ao comunicado do Arcebispo de Santiago sobre a ordenación das mulleres (extracto<sup>1</sup>)



Christina Moreira, foto de Mónica Bernabé.

Benquerido irmán no Señor:

A raíz de que Christina Moreira, declarase a súa condición de presbítera, e do posterior comunicado emitido polo arcebispado de Santiago de Compostela, reabriuse con forza o debate sobre a ordenación sacerdotal das mulleres. A *Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria* apoiamos o paso da nosa compañeira Christina Moreira, manifestamos a nosa solidariedade e agradecemento para con

nidade Home Novo dun xeito comunitario e participativo, namorando e mesmo entusiasmando a comunidade coa Palabra de Deus, acompañando a moitas persoas no seu camiño de fe cristiá.

2. Sentimos unha profunda dor, amargura e rabia, polo comunicado do Arcebispo de Santiago de Compostela en relación co presbiterado de Christina Moreira, que reflicte a postura oficial da xerarquía (non a opinión

de contemporánea, igual que no seu tempo se actualizou na sociedade patriarcal do século II na que vivía Ignacio de Antioquía.

*“En el N. T. aparecen llamadas que llevan consigo la encomienda de una misión por parte de Jesús. Una de ellas es la llamada a los Doce, con la designación para una misión esencial, unas tareas y unas significaciones que aparecen diferenciadas del conjunto de los cristianos.”* O grupo de Xesús estaba formado por homes e mulleres. El acolleu sempre as mulleres, valorounas e quíxoas, nunha sociedade xudía na que eran suxeitos de segunda categoría. A Samaritana, Marta e María, ou a Hemorroísa, confirman o achegamento sempre cálido de Xesús ás mulleres, o seu recoñecemento fraterno. María Magdalena aparece nomeada como a “apóstola de apóstolos”; “a primeira testemuña e evanxelista da resurrección do Señor”. Desde o mes de xullo deste ano o Papa Francisco elevou a súa festividade litúrxica ao nivel da dos apóstolos por ser a primeira que recoñece o Xesús resucitado e proclámao ao resto de discípulos (aos Doce!) que inicialmente dubidan e mesmo se ne-

## Nas primeiras comunidades cristiás, as mulleres exerceron un papel clave

ela e as dúcias de mulleres de todo o mundo que responderon con fidelidade e valentía, con apertura obediente, á chamada da súa vocación sacerdotal; e queremos expresar o seguinte:

1. Christina Moreira, preséntase como sacerdote, ordenada desde hai dous anos, respondendo á súa vocación, da que tomou conciencia hai tempo. Recoñecemos a Christina Moreira como presbítera. Sabemos que recibiu as ordenacións diaconal e sacerdotal e que preside os domingos a celebración da Eucaristía na comu-

de teólogos/as nin de moitas cristiás/áns da Igrexa). Apoiadas nos estudos teolóxicos e na Tradición queremos expoñer:

Como ben apunta o comunicado do arcebispado, *“La Iglesia es un Misterio de comunión por voluntad del Padre, realizado en la misión del Hijo y actualizado por la Acción del Espíritu Santo”*. Deus Pai-Nai confirma a inclusión coma un elemento esencial, tamén das mulleres, maioría numérica no mundo e na Igrexa. É necesaria a actualización da Igrexa na socieda-

gan a crer na súa palabra. San Paulo, que asenta o seu carácter de apóstolo en ver o resucitado, distingue tamén a outra muller, Xunia, como “insigne entre os apóstolos, que creu en Cristo antes ca min” (Rom 16, 7).

“*La presidencia de la celebración sacramental no es, pues, un ministerio que Cristo haya entregado a las mujeres.*” O mesmo Papa Xoán Paulo II declara na carta apostólica *Ordi-*

## Non se nos permite o sacerdocio por sexismo

*natio Sacerdotalis* “*que as mulleres non poden ser sacerdotes porque o mesmo Cristo, que instituíu o Sacramento, determinou que fosen varóns os que exerzan este ministerio.*” Cristo non entregou a presidencia da celebración sacramental ás mulleres nin tampouco aos homes porque non estableceu presidencias celebrativas tal e como as entendemos hoxe. O conxunto dos sete Sacramentos, tamén o da Ordenación Sacerdotal, son froito do camiñar histórico eclesial, resultado da busca de moitas xeracións na construción dunha comunidade fiel ao Espírito e con vocación de seguir evolucionando.

A afirmación do Papa Xoán Paulo II de que “*a Igrexa non ten de ningunha maneira a facultade de darlles ás mulleres a ordenación sacerdotal, e esta sentenza debe ser considerada de modo definitivo por todos os fieis da Igrexa*” é unha afirmación ousada, porque nin sequera o mesmo Papa é quen de prever os camiños misteriosos e imprevisibles do Espírito, capaz de sorprendernos sempre por riba dos nosos criterios humanos. Non ten en conta que nas primeiras comunidades cristiás, ao longo de case tres séculos, as mulleres exerceron un papel clave na proclamación da Palabra

do Señor, no partir o Pan e o Viño, na atención aos pobres... Se Xoán Paulo II “*descartó toda posibilidad de debate*”; dicimos con claridade que se equivocou!

Recoñece este comunicado arcebispal, citando a Xoán Paulo II: “*Lo cual no significa que la mujer no sea una parte fundamental en una Iglesia, toda ella ministerial en virtud del sacramento del bautismo.*” Non somos

só parte fundamental da Igrexa: sen nós, sen o noso pleno recoñecemento en igualdade, a Igrexa non ten futuro. Sentimos que, en pleno s. XXI, os homes que rexen a Igrexa nos sigan considerando suxeitos de “segunda clase”; sen capacidade de colaborarmos en igualdade de condicións nas decisións e servizos. As razóns que din xustificar esta prohibición son pobres e sen fundamentación teolóxica actualizada, polo que non se sosteñen.

As mulleres, hoxe, reivindicamos unha sociedade onde mulleres e homes teñamos os mesmos dereitos e

oportunidades. E estamos a dar pasos neste cambio: participamos a todos os niveis na representación social, a investigación científica e filosófica, e nos traballos de calquera nivel de cualificación. Como imos conformarnos con que pola nosa condición de mulleres -por sexismo!- non se nos permita acceder a ordenación sacerdotal?

Urxe reabrir o debate sobre a igualdade na Igrexa, incluída a ordenación sacerdotal das mulleres, unha Igrexa sen discriminación, democrática, fraterna, onde mulleres e homes formen comunidades de iguais, vivas e comprometidas, traballando en comunión, onde todas e todos teñamos palabra, onde cada quen achegue o que realmente é. Unha Igrexa aberta, coicadora, agarimosa, ousada, libre ao estilo de Xesús, na que as mulleres ocupemos tamén espazos de decisión, responsabilidade e representación eclesial que nos pertencen por dereito e por tradición.

Señor Arcebispo: cre vostede de verdade que Deus quere unha igrexa desigual? Como ben expresou o apóstolo Paulo, “non hai varón ou muller porque todos somos un en Cristo Xesús” (Gal 3, 28).



Imaxe do artigo “El antisigno de las monjas que fregaron el altar” (<http://blogs.periodistadigital.com/>)



**DATA:** sábado 22 de abril

**LUGAR:** CSC “Agustín Bueno” do Castiñeiríño

**HORARIO:**

- 10.00 – 10.30 h. Acollida
- 10.30–12.00 h. Charla-Coloquio: “A desfeita global: o TTIP” con Gonzalo Rodríguez (ATTAC-Galicia)
- 12.00 – 12.30 h. Descanso
- 12.30 – 14.00 h. Mesa redonda: “Outros xeitos de facer”, con representantes, entre outras, das iniciativas Catro Ventos Editora e Muuhlloa – Cosmética Galega
- 14.00 – 16.00 h. Xantar compartido, café...
- 16.00 – 18.00 h. Conclusións, avisos e celebración

## IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escribenos a [irimia@wanadoo.es](mailto:irimia@wanadoo.es) ou [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)

NOME: ..... APELIDOS: .....  
 ENDEREZO: .....  
 CÓD. POSTAL: ..... CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: .....  
 TELÉFONO ..... CORREO ELECTRÓNICO .....

**QUERO SER SOCIA/-O:** 3 €   
**QUERO SUBSCRIBIRME:** Ordinaria: 30 €   
 De apoio: 45 €  Subscrición anual (22 números)  
**60 €**

**QUERO SER 60x100:**  
**DOMICILIACIÓN**  
 BANCO OU CAIXA E AFORROS: .....  
 DOMICILIO DO BANCO: ..... CÓD. POSTAL: .....  
 CONCELLO OU CIDADE: ..... PROVINCIA: ..... TITULAR DA CONTA: .....  
 Nº de CONTA: \_\_\_\_ / \_\_\_\_ / \_\_\_\_

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En ..... a ..... de ..... de 201\_\_\_.  
 Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.  
 Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822



**EDITA:** Asociación A. IRIMIA

**MESA DE REDACCIÓN:** Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

**COLABORADORES:** Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Tareixa Ledo Regal, Clodio González Pérez, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Marisa Vidal, Xan Guillén, Christina Moreira, Carlos Vázquez G., Teresa Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Lucía Santiago Díaz, Baldomero Iglesias Dobarrío (Mero), Lois Ferradás, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana, Antón Laxe, Ramón Díaz Raña, Olga Álvarez, Engracia Vidal Estévez, Manuel Arca e J.M. Barca López, Manolo G. Turnes.

**CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA:** Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

**RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN:** [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

**SUBSCRICIÓN:** Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / [subscricions@asociacion-irimia.org](mailto:subscricions@asociacion-irimia.org)  
 Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

**PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA:** [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

**CONTA:** ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

**DEPÓSITO LEGAL:** C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:** TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

**ISSN:** 2172-9182


**IMPRIME:** TÓRCULO Artes Gráficas

**DISTRIBÚE:** IMPACTA

**EDICIÓN ELECTRÓNICA:** <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>



# Boa Nova



## A CLAVE

Pedro, María e Xoán. Tres persoas distintas diante dun sepulcro baleiro. Cada unha delas vivindo nas súas vidas concretas, coa súa historia e angueiras, unha experiencia radical, desas que che dan a volta como un calcetín. Dos tres nos chegan outros tantos Evanxeos, dous apócrifos (Pedro e María) e un canónico (Xoán). Evanxeos escritos non por eles, senón por comunidades que recollen dalgún xeito a súa experiencia e se deciden a falar no seu nome, dende a autoridade que lle confire ser discípulos. Por si quedaba algunha dúbida, os tres evanxeos coinciden en poñer a María como a primeira testemuña e transmisora da resurrección.

A tradición eclesial estableceu a quen dar preeminencia, sobre quen facer descansar autoridade, goberno e docencia. Logo veu a misoxinia, ese escuro e incerto medo á muller tan presente aínda en moitos varóns, a contarnos unha falsa historia de prostitución que buscaba rebaixar a figura de María e, por ende, a autoridade de todas as mulleres. Hoxe toca ir rescatando a verdadeira igualdade ante Deus que predicaba Xesús.

Fóra medo!!

Xesús resucitou!!

Os tempos son chegados!!

Marisa de Corme

## O ECO

Cando alguén que queres sae dunha operación a vida ou morte ou as probas din que o tumor é benigno, notas que o teu corazón volve latir. Cando o teu amigo é xulgado por protestar, sexa nunha manifestación ou cantando un rap, e sae libre, iso é volver vivir. E, dalgún xeito, algo así lles tivo que ocorrer aos apóstolos, con María Magdalena de primeira.

Despois do medo pola detención de Xesús, da rabia polas torturas, da tristeza pola súa morte, algo tivo que lles pasar a aquela xente que estaba escondida e fechada. Algo moi forte que os fixo saír da casa e crer o increíble: que o proxecto de Xesús non rematara, que non todo estaba perdido.

E cal foi a faísca para que aqueles desesperanzados volvesen á vida? Cal foi o milagre que lles cambiou por dentro para sempre? Non o sei, porque a resurrección non nos cabe na cabeza. Cústanos crer que, despois dunha terrible desgraza, a vida segue. Cústanos crer que a morte non é o punto final da vida, que podemos e debemos celebrar a vida de alguén que xa non está, que a súa lembranza é o mellor regalo. Cústanos pero é así.

Olga Álvarez

## A PALABRA

### DOMINGO 16 DE ABRIL. PASCUA

#### A PALABRA. Xn 20, 1-9

No día primeiro da semana María a Madalena foi ao sepulcro moi cedo, cando aínda era escuro, e viu que a pedra do sepulcro estaba quitada. Botou a correr e, chegando onda Simón Pedro e onda o outro discípulo, a quen amaba Xesús, díxolles: «Colleron do sepulcro o Señor, e non sabemos onde o puxeron.» Pedro e mailo outro discípulo saíron correndo cara ao sepulcro. Corrían os dous á par. Mais o outro discípulo correu máis lixeiro ca Pedro, e chegou primeiro ao sepulcro. Abaixándose, viu que estaban os lenzos, mais non entrou. Entón chegou tamén Simón Pedro, que o seguía, e entrou no sepulcro. Viu os lenzos pousados alí. Mais o sudario que envolvera a súa cabeza, non estaba cos panos, senón á parte, enrolado noutro lugar. Entón entrou tamén o outro discípulo, que chegara primeiro, ao sepulcro; viu e creu. (Pois aínda non entenderan que, conforme a Escritura, era preciso que resucitase de entre os mortos).

# Falando da lingua Cando presta o que se le...

Lidia e Valentina



Estes días de atrás estivemos a ler o último libro de Antón Riveiro Coello, *A ferida do vento*, que é unha homenaxe á memoria de Carlos Casares, a quen este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. O libro gustounos, si; agora ben, a riqueza léxica é impresionante! Moitas veces, a fraseoloxía, as palabriñas que xa non se oen e que, se as usas, o interlocutor case te tacha de que parece que está a falar con súa avoa en vez de cunha persoa do seu tempo... despistáronnos do argumento. Non se trata dunha linguaxe coloquial, non, é un rexistro

xuntos e son mozos e punto (máis ben, “e@”...) E fálase de que fulanito e mais fulanita son mozos, saen xuntos e ao mellor incluso casan, xúntanse, fanse parella de feito... Pero lembrades aquilo de que Pepe e mais Rosa **falaron** moito tempo. Si, ho, Pepe **foi onda ela** moito tempo! **Andou con ela**, polo menos, tres anos. El tamén fora onda María, pero casou con Rosa... Porque ela era moi boa moza, moitos **lle andaran derredor!** Tamén lle **fixera as beiras** o fillo da leiteira, e algo **mocearon**, pero ela deixouno, que o que lle enchía o ollo

coidado, culto, iso si, servido de vocablos que van quedando no triste esquecemento, que haberá quen cualifique de arcaísmos, e que enriquecen marabillosamente narración.

Pois si, agora un mozo e unha moza coñécense e empezan a saír

era Pepe... Claro, se vos fixades, neste modo de describir a situación, non había maldade ninguna: el (evidentemente, e!!!) faille as beiras, ándalle derredor, vai onda ela, anda con ela, falan, mocean... Parece que o cambio nos costumes esixe o cambio na linguaxe...

E tamén nos gustou que o avó de Antón, o protagonista, topetease na mesa despois do xantar. Efectivamente, á caloríña do lume, coa barriguiña chea, dáballe un crebante e coteleaba, como non oíamos desde que o dicía a benqueridísima Telós. Ou seica vós cabeceades, ou moneades, ou moqueades, topeneades, toqueades e toqueneades enriba da mesa? Ou sodes dos que vos tirades enriba da cama, xa por riba da roupa, a botar unha sesta? Agora, co que tal están a medrar os días, ben ha prestar...

Que agradable! Que fortuna! Que lingua tan doce, tan de noso temos. Lástima que non todos a oian así, especialmente os que teñen o poder para garantir que continúe existindo sempre, que nunca se chegue a falar do último falante daquela lingua...

Fomos dando dunhas noutras...

## O Fachineiro dos premios María Casares

### Xa volo dicía eu

Dirá a lexión de fans desta columna que o fachineiro ten unha especial querenza polo teatro. E non di mentira. Desta tóccalle aos premios María Casares, que se entregaron hai un par de semanas. Ben sabemos que non sempre os recoñecementos se corresponden coa calidade, pero que *Eroski Paraíso* levase o premio ao mellor espectáculo, actriz protagonista e dirección non pode sorprendere a ninguén. Xa volo dicía eu que había que vela. Claro que quedou escasa en premios o fantástico *Foucellas* de Talía Teatro. A outra grande triunfadora foi *O tolleito de Inishmaan*, de Cándido Pazó, que anda de xira e pode verse en Santiago a próxima semana. Ben



merecido leva o premio de honra Eduardo Alonso, un dos que fixo posible o hoxe esquecido Centro Dramático Galego, do que foi primeiro director. Logo de 40 anos no oficio Alonso foi premiado en todos os campos (dirección, adaptación, iluminación...) e desde 1991 dirixe Teatro do Noroeste. A todos os galardoados

e aos que non o foron pero que tiveron a afouteza de poñer o seu talento e os seus cartos ao servizo desta arte deberíamos agradecemento. Pero a TVG non o considerou así e por iso decidiu emitir a gala de entrega en diferido, que ben debe chegarlles a estes esmoleiros. Así valora a cultura o poder que eliximos nas urnas.

A.Q.